

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 26/06/2015.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.  
D<sup>a</sup> Sabela Iñiguez Cinza.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D. Manuel Beceiro Couce.  
D. Manuel Romero Castrillón.  
D. Andrés Fernández Graña.  
D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.  
D. Eduardo Lourido Doval.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e catro minutos do día vinteseis de xuño de dous mil quince, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión de constitución da corporación, celebrada o día trece de xuño do presente ano dous mil quince. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GUPOS POLÍTICOS.**

Dae conta dos escritos presentados polos integrantes das listas das tres formacións políticas que concorreron ás eleccións locais do pasado día 24 de maio, dentro do prazo legalmente establecido, comunicando a constitución dos grupos políticos municipais para a presente lexislatura, que serán os seguintes:

- Grupo político do BNG, cuxo portavoz será Xesús Manuel Soto Vivero, e os suplentes Sabela Iñiguez Cinza, Manuel Varela Mecías, Amparo Calvo González, Ana Belén Breijo Gundín e Manuel Beceiro Couce. Integra tamén este grupo o Alcalde, Secundino García Casal.
- Grupo político do PP, cuxo portavoz será Manuel Romero Castrillón e os suplentes Andrés Fernández Graña e Silvia Fernández Muiño.

- Grupo político do PSOE, cuxo portavoz e único integrante será Eduardo Lourido Doval.

#### TERCEIRO.- ACORDOS RELATIVOS Á PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO DO CONCELLO.

Dase conta polo Sr. Alcalde da proposta do grupo de goberno relativa ó asunto, de que se continúe co réxime vixente na anterior lexislatura, é dicir, que o Pleno do Concello celebre seis sesións ordinarias ó ano, os primeiros sábados de cada mes impar, ás once e media da mañá, agás no mes de xaneiro, que será o segundo sábado, en cumprimento do indicado na lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na Lei 35/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e no Regulamento Orgánico do Concello.

O Sr. Romero toma a palabra para solicitar que as sesións ordinarias sexan en días laborables pola tarde a última hora, para facilitar a asistencia de veciños ás mesmas.

O Sr. Lourido manifesta o seu acordo con esa proposta, xa que por razóns laborais relacionadas coas gardas no seu posto de traballo, resultaríalle máis fácil.

O Sr. Soto di que a proposta do grupo de goberno mantén o réxime dos últimos oito anos e pretende facilitar a presenza de veciños nos plenos, xa que a celebración polas tardes a última hora entre semana, sobre todo no inverno, pode dificultar esa asistencia. Ademais, o artigo 21 do Regulamento Orgánico, aprobado por unanimidade, coincide coa proposta, polo que habería que modificar esa norma, o que en todo caso podería facerse noutro momento durante a lexislatura. As sesións extraordinarias poden celebrarse noutras datas, segundo a proposta dos grupos da oposición.

O Sr. Alcalde sinala que as sesións ordinarias son soamente seis ó ano e en datas previsibles con antelación, e que a proposta de que continúen sendo os sábados é para permitir a presenza de público, que pode participar nesas sesións, mentres que as sesións extraordinarias, nas que non poden participar persoas que non formen parte da corporación, poden convocarse noutras datas. Ademais, considera convinte non abordar modificacións innecesarias dun instrumento consensuado como o Regulamento Orgánico, polo que o grupo de goberno mantén a súa proposta.

Sometido seguidamente o asunto a votación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de sete votos favorables dos concelleiros do BNG, con catro abstencións, dos do PP e o PSOE, acorda aprobar a proposta formulada polo grupo de goberno.

#### CUARTO. ACORDOS SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E DA MESA DE CONTRATACIÓN.

Dase conta polo Sr. Alcalde da proposta do grupo de goberno relativa ó asunto, que consiste na creación de dúas comisións informativas permanentes, a de Asuntos de Pleno e a de Facenda e Especial de Contas. A composición de cada unha delas será a establecida nos artigos 6 e 7 do Regulamento Orgánico do Concello, e as súas competencias, as indicadas nos artigos 14 e 15 do mesmo. A presidencia da C.I.P. de Facenda e Especial de Contas corresponderíalle a Xesús Manuel Soto Vivero e a de Asuntos de Pleno a Manuel Varela Mecías.

Respecto á Mesa de Contratación, a súa composición será a seguinte:

- Presidente: O Alcalde, Secundino García Casal.
- Vogais con voz e voto:
  - O Concelleiro e Tenente de Alcalde Manuel Varela Mecías.
  - A Concelleira e Tenente de Alcalde María Amparo Calvo González.
  - O Concelleiro e Tenente de Alcalde Manuel Beceiro Couce.

- Vogais con voz e sen voto:
  - A arquitecta municipal, M<sup>a</sup> Montserrat Ruiz Fernández.
  - Un concelleiro ou concelleira do grupo político do PP.
  - O concelleiro do grupo político do PSOE.
- Secretario: o do Concello, Miguel A. Arroyo Moreno.

Sometida seguidamente a votación esa proposta, a Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a devandita proposta do grupo de goberno.

#### QUINTO.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Dase conta da proposta do grupo de goberno relativa ó asunto, de nomeamento da concelleira Sabela Iñiguez Cinza que será responsable da área de ensino, para representar ó Concello no Consello escolar do C.P.I. local. No resto dos órganos colexiados nos que San Sadurniño teña representación, o representante será o Sr. Alcalde ou o concelleiro ou concelleira en quen delegue.

Sometido seguidamente a votación, a Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a proposta formulada polo grupo de goberno.

#### SEXTO.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS.

Dase conta polo Sr. Soto do contido da Resolución da Alcaldía de data do pasado día 22 de xuño de 2015, mediante a que se designan as seguintes tenencias de alcaldía:

- Primeiro Tenente de Alcalde: Manuel Varela Mecías.
- Segunda Tenente de Alcalde: M<sup>a</sup> Amparo Calvo González.
- Terceiro Tenente de Alcalde: Manuel Beceiro Couce.

En canto ás áreas de goberno coas que contará a Corporación municipal e as delegacións conferidas pola Alcaldía, dase conta de que, na mesma resolución do 22 de xuño, a Alcaldía ten establecido o seguinte:

*"A Corporación municipal contará coas seguintes **Áreas de Goberno**:*

- *Alcaldía*
- *Concellaría de Facenda e Servizos Sociais*
- *Concellaría de Servizos Municipais*
- *Concellaría de Obras Municipais e Xestión Territorial*
- *Concellaría de Desenvolvemento Local, Participación Veciñal e Xestión Interna*
- *Concellaría de Cultura, Deportes, Ensino e Mocidade*
- *Concellaría de Igualdade*

*As **responsabilidades e competencias** que exercerá cada área de goberno son as seguintes:*

#### **a) ALCALDÍA:**

*Á Alcaldía correspóndelle a coordinación das diferentes áreas municipais e a dirección o control xenérico da xestión das distintas áreas de goberno.*



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

*Asemade, e de forma específica a Alcaldía xestionará:*

- *A política de comunicación e relacións institucionais*
- *A xestión das políticas de calidade do Concello*
- *A contratación administrativa*
- *A xestión patrimonial do Concello, incluído o inventario de bens*
- *A xestión dos dereitos e obrigas, e a administración e defensa do patrimonio municipal*
- *A adquisición de bens por expropiación forzosa, agás nos casos das expropiacións urbanísticas*
- *A xestión estatística municipal*
- *As responsabilidades no ámbito da seguridade e a protección civil*

**b) CONCELLARÍA DE FACENDA E SERVIZOS SOCIAIS:**

*A Concellaría de Facenda e Servizos Sociais estará ocupada por Xesús M. Soto Vivero, abrangendo por delegación as seguintes funcións xenéricas:*

- *No eido de economía e facenda, abranguerá a xestión económica do Concello, seguimento e control dos orzamentos, a xestión económica e financeira da Administración, así como o seguimento e control dos investimentos, a preparación dos orzamentos, e a definición da política fiscal e preparación de ordenanzas fiscais*
- *O ámbito de Servizos Sociais xestionará as políticas municipais de prestación de servizos asistenciais á cidadanía, de atención ás situacións de marxinación e exclusión social, medidas de integración social e as políticas de atención á terceira idade, ás familias e á infancia, así como outros programas de acción social.*

- *Xestión da Escola Infantil Municipal*

**c) CONCELLARÍA DE SERVIZOS MUNICIPAIS E MEDIO AMBIENTE:**

*A Concellaría de Servizos Municipais estará ocupada por Amparo Calvo González, abrangendo por delegación as seguintes funcións xenéricas:*

- *Xestión dos servizos básicos municipais: ciclo da auga, recollida de RSU e voluminosos, limpeza de vías públicas e alumado público*
- *Xestión do mantemento de vías públicas e infraestruturas (mobiliario, redes de servizos, sinalizacións, desbroces de vías...), así como a inspección e control de servizos públicos que se prestan a través de terceiros, o mantemento e conservación de parques, xardíns e zonas verdes, e mais a conservación de edificios, instalacións e maquinaria municipais, e o subministro de todo o material de mantemento*
- *Xestión das políticas de sensibilización no ámbito do Medio Ambiente*
- *Xestión do persoal de obras e servizos*

**d) CONCELLARÍA DE OBRAS MUNICIPAIS E XESTIÓN TERRITORIAL:**

*A Concellaría de Obras Municipais e Urbanismo estará ocupada por Manuel Beceiro Couce, abrangendo por delegación as seguintes funcións xenéricas:*

- *Correspóndelle a planificación das obras municipais, a preparación dos plans de obras e a xestión e seguimento de proxectos de obras de nova planta*
- *Mantemento de relacións con outras Administracións na execución de plans e en materia de infraestruturas*
- *Xestión do mantemento de vías públicas*
- *Xestión e seguimento dos plans e programas de obras e infraestruturas provinciais e autonómicas*
- *No eido da Xestión Territorial ocuparase das competencias municipais na ordenación do territorio, así como das cuestións relativas a plans e instrumentos de ordenación urbanística e xestión urbanística en xeral*
- *Coordinará a redacción, xestión e execución do PXOM e do planeamento de desenvolvemento*



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

**e) CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, PARTICIPACIÓN VECIÑAL E XESTIÓN INTERNA:**

*A Concellaría de Desenvolvemento Local, Participación Veciñal e Xestión Interna estará ocupada por Manuel Varela Mecías, abrangendo por delegación as seguintes funcións xenéricas:*

- *Na área do desenvolvemento local e a promoción económica intégranse as políticas públicas tendentes á dinamización e potenciación da vida económica local, o deseño de plans estratéxicos de desenvolvemento económico, a planificación económica, a fixación de obxectivos para a promoción de actividades económicas no Concello, as relacións cos axentes sociais na procura de políticas integrais de desenvolvemento e o fomento de actividades económicas a través da cooperación pública en plans e en xeral aquelas políticas públicas que propugnen e incentiven o desenvolvemento de sectores produtivos e de actividades económicas para un desenvolvemento axeitado da vida económica do municipio.*
- *Xestión das políticas de formación para a empregabilidade e os plans de formación con organismos públicos e empresas*
- *Xestión dos programas de voluntariado e cooperación*
- *Políticas de promoción do emprego, mellora da cualificación e inserción laboral*
- *A promoción, control e organización de feiras, mercados, e comercio*
- *As políticas de fomento do turismo local e de coordinación neste eido con outras Administración*
- *No eido da participación veciñal correspóndelle a xestión das políticas municipais de participación veciñal (fomento da participación do movemento asociativo, xestión e seguimento de subvencións e axudas económicas a entidades asociativas e impulso do Regulamento de Participación Veciñal e do funcionamento do Consello de Participación Veciñal) e xestión dos locais públicos utilizados ao efecto*
- *Na xestión da Xestión interna e do persoal correspóndelle os aspectos relativos á organización do Concello e aos métodos de traballo, a coordinación do funcionamento da Administración municipal e de todo o seu persoal, a axilización da tramitación de procedementos, así como a política de prevención de riscos e de saúde laboral*

**f) CONCELLARÍA DE CULTURA, DEPORTES, ENSINO E MOCIDADE:**

*A Concellaría de Cultura, Deportes, Ensino e Mocidade estará ocupada por Sabela Íñiguez Cinza, abrangendo por delegación as seguintes funcións xenéricas:*

- *Xestión dos servizos relacionados coa promoción e fomento da cultura, a arte, a biblioteca e a política lingüística; elaboración da programación cultural e xestión dos espazos dedicados a este eido, nomeadamente a Casa da Cultura e o Centro de Mocidade*
- *A promoción da participación da cidadanía no uso eficiente e sustentable das tecnoloxías da información e as comunicacións*
- *Xestión e mantemento da programación deportiva, das Escolas deportivas e das infraestruturas deportivas, así como as relacións coas entidades deportivas*
- *No ámbito do Ensino, ocuparase das relacións coa comunidade escolar, mantemento das infraestruturas municipais neste eido e relación coa Consellería de Educación e seguimento das políticas autonómicas con influencia no ensino da nosa localidade. Tamén a xestión de programas de promoción educativa*
- *Encargarase da preparación e aplicacións programas dirixidos á mocidade en coordinación con outras áreas; xestión do Centro da Mocidade; coordinación coas políticas da Dirección Xeral da Xuventude*

**g) CONCELLARÍA DE IGUALDADE:**

*A Concellaría de Igualdade estará ocupada por Ana Belén Breijo Gundín, abrangendo por delegación as seguintes funcións xenéricas:*

- *Xestión integral e transversal da área de Igualdade*
- *Xestión dos programas de dinamización social e familiar: Aldea de Verán, Espazo das Familias, Tempos para Compartir, etc.*

*Consonte o indicado no artigo 43-3 do ROF, a delegación de atribucións, facultades e competencias a prol dos concelleiros e concelleiras anteditos non comprenderá a facultade de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiras persoas, que, neste caso, prevese que corresponda á Xunta de Goberno Local, e se exercitarán con sometemento ao réxime xeral previsto no referido ROF.*

*Ordenar que se notifique persoalmente o contido da presente Resolución ás persoas designadas, así como que se dea conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, e que se publique no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos legalmente procedentes e en cumprimento do disposto na normativa aplicable."*

A Corporación queda entarada, tomando razón dos asuntos expostos.

#### SÉTIMO.- ACORDOS RELATIVOS Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dase conta da proposta do grupo de goberno, en aplicación do previsto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no Regulamento Orgánico do Concello, consistente en que se acorde polo pleno a constitución da Xunta de Goberno Local, cuxa existencia xa é tradicional neste Concello, e que contaría con catro membros, o Alcalde, que a presidiría, e as tres persoas que ocuparán as tenencias de alcaldía, xa designadas polo Sr. Alcalde, tal como se informou ó pleno na presente sesión. Polo referido ó réxime de sesións ordinarias, celebraríanse tres cada mes, os días 1, 11 e 21, ou o día hábil inmediatamente posterior en caso de que foran festivos. A indemnización por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno para os concelleiros sen adicación parcial, será de 200 euros por cada sesión.

Toma a palabra o Sr. Romero, para indicar que a cantidade proposta por asistencia á Xunta de Goberno lle parece excesiva, especialmente habendo tres ó mes, o que supón 1.800 euros ó mes, xa que noutros concellos similares abonda con dous e ademáis o importe é menor, polo que propón que o número de sesións ó mes se reduza a dous e que as asistencias teñan un importe similar ás dos plenos.

O Sr. Soto resposta que non entrarán en debates alleos á prestación de servizos ós veciños, e sen teñen interese nin repercusión sobre a xente, e rexeita comparacións con outros concellos das que saíramos perdendo. Di que os membros da Xunta de Goberno realizan un importante traballo previo á toma de decisións nese órgano colexiado, polo que a cantidade proposta apenas compensa a dedicación e os gastos que implica a súa pertenza ó mesmo, ademáis de que a cantidade é a mesma que se ven aplicando dende hai oito anos.

O Sr. Alcalde di que non entende que nos tempos duros da crise, no 2011, o PP votou favorablemente esta mesma proposta e agora cando din que economía está en recuperación, lles parece excesiva a mesma cantidade, e que no 2007 o PP gastaba en altos cargos e asistencias 81.534 euros, que se reduxeron en 11.000 cando o BNG acadou o goberno municipal e están conxelados dende entón, polo que considera demagóxica a proposta do PP e manifesta que o grupo de goberno mantén a súa.

De seguido a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres votos contrarios, dos do PP e unha abstención, do do PSOE, acorda aprobar a proposta presentada polo grupo de goberno sobre a existencia e composición da Xunta de Goberno Local e sobre o importe das asistencias dos seus membros.

#### OITAVO.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA ALCALDÍA E NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dase conta da proposta do grupo de goberno, de delegar competencias plenarios na Alcaldía e na Xunta de Goberno, coa finalidade principal de axilizar a adopción de acordos sobre diferentes materias dunha importancia sempre relativa, posto que as competencias importantes veñen reservadas pola lexislación vixente ó pleno e non son delegables. O acordo que se adopte nese sentido debe contar co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, e a proposta faise non mesmos términos que as normas sustantivas que relacionan as competencias delegables, polo que, segundo o informado polo Secretario-Interventor, o acordo cumpriría co establecido na lexislación aplicable. A proposta do grupo de goberno é que se deleguen na comisión de goberno as competencias recollidas no artigo 22-4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que veñen relacionadas nas letras j), k), m), ñ) e q) do apartado 2 dese mesmo artigo.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus once membros, o que por suposto representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda delegar na Alcaldía e na Comisión Municipal de Goberno as súas competencias reseñadas nas letras j), k), m), ñ) e q) do apartado 2 do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### NOVENO.- ACORDOS SOBRE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

Dase conta da proposta do grupo de goberno en relación co asunto, consistente na existencia de tres dedicacións parciais do 50%, das que serían titulares o Alcalde, Secundino García Casal, cun importe de 1.200 euros brutos mensuais e dúas concelleiras do Grupo de Goberno, Sabela Iñiguez Cinza e Ana Belén Breijo Gundín, que percibirían unha cantidade de 600 euros brutos mensuais. As cantidades son as mesmas que se acordaron nas dúas anteriores lexislaturas.

Polo referido ás indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos de goberno da Corporación, percibiríanse as seguintes cantidades:

- Por cada asistencia ó Pleno: 60 euros.
- Por cada asistencia a comisións informativas: 60 euros.
- Por cada asistencia á Xunta de Goberno Local: 200 euros.

O Sr. Romero manifesta novamente a disconformidade do seu grupo polo referido soamente á contía proposta por cada asistencia á Xunta de Goberno Local.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación ás referidas propostas do grupo de goberno.

#### DÉCIMO.- ACORDOS SOBRE O DESEMPEÑO DA TESOUREIRÍA MUNICIPAL.

Dase conta da proposta do grupo de goberno, relativa ó nomeamento de Depositario ou Tesoureiro da corporación, que continuaría sendo o funcionario do Concello, técnico de xestión económica financeira, Ángel Barro Sabín, que posee coñecementos e cualificación profesional suficiente para o desempeño dese cargo e que xa ven ocupando ese posto nas anteriores lexislaturas. Prantéxase tamén a conveniencia de acordar a exención da obriga de prestar fianza, se o presente acordo fose adoptado por unanimidade, respondendo a Corporación solidariamente co Depositario do resultado da súa xestión no cargo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus once membros, acorda a continuidade no cargo de tesoureiro do Concello do funcionario Ángel Barro Sabín, segundo o indicado na proposta do grupo de goberno.

#### UNDÉCIMO.- ACORDOS SOBRE RECEPCIÓN DE NOTIFICACIÓNS E CONVOCATORIAS.

Dase conta dunha proposta para axilizar e facilitar a comunicación ós concelleiros das convocatorias de sesións de órganos colexiados e outros asuntos que deban coñecer para o desempeño dos seus cargos, mediante a utilización do correo electrónico. Redactouse a tal finalidade pola Secretaría-Intervención un documento de autorización que asinarían cada un deles, cuxo contido é o seguinte:

#### “MANIFESTACIÓN DE CONFORMIDADE PARA A RECEPCIÓN POR CORREO ELECTRÓNICO DE CONVOCATORIAS E NOTIFICACIÓNS

D<sup>a</sup>/D. \_\_\_\_\_, con D.N.I. \_\_\_\_\_, na miña calidade de Concelleiro/a e membro da Corporación Municipal do Concello de San Sadurniño, mediante o presente manifesto a miña conformidade para a utilización por parte dos órganos competentes do Concello do correo electrónico para facerme chegar as convocatorias e actas dos órganos colexiados de goberno e de informe e asesoramento dos que forme parte, así como as notificacións que deba recibir no exercicio das miñas funcións como Concelleiro/a, coa finalidade de axilizar e simplificar eses trámites, segundo o acordado polo Pleno do Concello na sesión celebrada nesta mesma data.

Para acreditar a recepción destas comunicacións e a súa data, tamén estou conforme coa utilización dos acuses de recibo integrados nos programas de correo electrónico que se utilicen para estes envíos.

A miña dirección de correo electrónico para estes efectos será a seguinte:

San Sadurniño, 26 de xuño de 2015.”

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus once membros, acorda aceptar esta proposta.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as dezanove horas e cincuenta e sete minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,